

ACTIVIDADES E RECURSOS EDUCATIVOS DOS MUSEOS DE GALICIA

Ana Pose Blanco
Xesús Rodríguez Rodríguez (Coords)



EDITORIAL
TOXO SOUTOS



ACTIVIDADES E RECURSOS EDUCATIVOS DOS MUSEOS DE GALICIA

O libro *Actividades e Recursos Educativos dos Museos de Galicia*, coordinado por Nova Escola Galega, subvencionado pola Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia e publicado pola Editorial Toxosoutos, é froito da Exposición e das Xornadas que co mesmo título tiveron lugar no Museo do Pobo Galego. Tanto aquela actividade como esta publicación constituén un recurso de especial importancia para reflexionar sobre o significado da educación nos museos de Galicia e para coñecer a súa oferta educativa.

Dende Nova Escola Galega considerabamos que facía falta unha iniciativa destas características en Galicia, nun momento no que é moi común escoitar voces que reclaman e proclaman a función educativa dos museos, destinados na sociedade actual a xogar un papel relevante na educación formal, non formal e información da cidadanía. Queda trasnoitada a vella concepción dos museos como simples colectores das testemuñas e reliquias do pasado, como simples almacéns, fronte a ela imponse a visión dun museo aberto, didáctico, dinámico, lúdico... que achega os seus fondos dun xeito científico e rigoroso pero tamén entretido e ameno á sociedade na que esta inmerso.

A obra recolle un conxunto de reflexións de diversos profesionais que traballan en temas relacionados coa educación nos museos en Galicia e está estruturada en tres partes fundamentais. Na primeira delas, titulada *A educación nos museos*, recollemos a reflexión de expertos de Galicia e doutras comunidades, na que se analizan cuestións relacionadas co papel pedagóxico dos museos, as funcións que a sociedade actual demanda dos mesmos, as virtudes e os principais problemas que presentan na actualidade para poder cumprir co seu papel educativo. Na segunda parte, titulada *Experiencias educativas nos museos*, que se dedican á didáctica do patrimonio relátannos experiencias e proxectos que se levaron a cabo nos últimos anos en Galicia, nos que se poñen de relevo a variedade na oferta pero tamén a predominancia de actividades destinadas ao público escolar.

Súmase a esta obra un CD onde se recolle dun xeito sistemático a oferta didáctica dos museos galegos que contan con servizo educativo dende do seu organigrama ou, no seu defecto, cunha programación educativa estable, xunto coa descrición dos materiais didácticos que elaboran nas propias institucións museísticas como apoio e reforzo a ditas actividades. Coa inclusión do CD ofrecemos un valioso recurso para coñecer, difundir e sacarlle proveito didáctico á oferta educativa dos museos galegos, útil para os educadores/as dos museos pero tamén para as familias, docentes dos diversos niveis educativos, entre outros.

Cómpre destacar que esta aproximación á educación nos museos galegos pretende non só dar a coñecer unha realidade concreta senón que pretendemos coa mesma reflexionar e tomar conciencia daqueles aspectos que poden e deben ser mellorados, para que os profesionais implicados poidan optimizar a oferta dos servizos educativos, de maneira que os museos cumpran efectivamente coa función que lles foi asignada e se convertan en verdadeiras institucións ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento, así como organizacións culturais favorecedoras do desenvolvemento integral dos seus cidadáns.

Nova Escola Galega